



R patrocina, un ano máis, o premio á mellor curtametraxe galega no XIII FICBUEU, Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu

- **Na súa aposta permanente pola cultura do país, o operador galego implicase tamén este ano no FICBUEU, un dos máis soados certames audiovisuais dentro e fóra de Galicia**
- **En palabras do director do FICBUEU, Manuel Pena, a sección Galicia R xa é unha referencia no certame “ao achegarnos as obras máis próximas no marco dunha programación internacional”**

Martes, 15 de setembro de 2020.- O operador galego entregará este sábado o premio “Galicia R” á mellor curtametraxe galega no FICBUEU, *Festival Internacional de Curtametraxes* da localidade pontevedresa e referente xa do sector audiovisual autóctono e foráneo. <https://www.ficbueu.com/es/ficbueu/>

O certame está a desenvolver, dende o pasado 11 de setembro, un total de 28 actividades entre proxeccións e propostas paralelas, para abrir outra vez unha ventana cara ao cine local e internacional de calidade, a miúdo pouco accesible para o gran público. Un bo número destas actividades pónense en marcha este ano con pases dobres, para acoller un maior número de persoas garantindo a súa seguridade coas medidas esixidas neste período de pandemia.

Compromiso coa cultura

O director do festival, Manuel Pena, asegura que “dende o FICBUEU estamos encantados de contar outro ano máis co apoio de R, máis necesario que nunca

nestes tempos complicados para as achegas e o respaldo das entidades privadas. Este compromiso co festival e cos creadores e creadoras galegos/as son boa mostra da aposta de R polo audiovisual e o tecido cultural da nosa comunidade”.

As curtametraxes galegas que optan ao premio Galicia R son traballos desenvolvidos en Galicia e/ou por directores/as galegos/as nos dous últimos anos. Nesta XIII edición do FICBUEU e dentro da devandita sección o xurado terá que decidirse por algunha das seguintes creacións audiovisuais de metraje curta: *Xoves de Comadres*, de Noemí Chantada, *Carne*, de Camila Kater, *Todo el mundo se parece de lejos/ Todo o mundo se asemella de lonxe*, de Rafa de los Arcos, *Beyond the glacier/ Más allá del glaciar*, de David Rodríguez Muñiz y *Onde dormen as gaviotas/ Donde duermen las gaviotas*, de Dani Cornes.

entrega do premio “Galicia R”

“A sección “Galicia R”, engade Pena, inaugurará como cada ano as seccións competitivas do festival, sendo xa unha referencia dentro do noso programa ao achegarnos as obras máis próximas no marco dunha programación internacional”.

Co patrocinio deste premio, que R entregará o sábado 19 no Centro Social do Mar de Bueu durante a Gala de Clausura do Festival, a compañía galega confirma a súa aposta pola cultura e polo desenvolvemento da produción audiovisual da terra, unha constante que mantén intacta dende o inicio da súa andaina coma operador de telecomunicacións de Galicia hai xa dúas décadas.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal